

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 18 DE OUTUBRO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2014.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade de treitos antigos na estrada AC-862 (Ferrol-límite provincia) e na AC-110 (As Felgosas-Espiñaredo) a prol do Concello de Moeche.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de cooperación cultural entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia e o Concello de Gondomar para a adecuación e reforma do Auditorio Municipal de Gondomar, por importe total de trescentos sesenta e sete mil douscentos vinte e catro euros (367.224,00 euros).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega (Acruga) para o desenvolvemento do programa de consolidación e diversificación da raza rubia galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de trescentos oitenta e cinco mil euros (385.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego para a posta en valor das aptitudes do cabalo de pura raza galego en actividades deportivas, de exposición e lecer, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), por un importe total de noventa mil euros (90.000,00 euros).

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre o estudo exploratorio do tráfico de persoas en Galicia.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre a campaña de vacinación da gripe estacional 2013.

OS ORZAMENTOS DA XUNTA PARA 2014 PERMITIRÁN CONSOLIDAR O CAMBIO DE TENDENCIA ECONÓMICA E DEDICARÁN CASE 8 DE CADA 10 EUROS A GASTO SOCIAL

- ***O Goberno galego incrementará un 7% o Fondo de Crecemento, que contará con 412 millóns para dinamizar e reactivar a economía***
- ***Por primeira vez dende que se iniciou a crise, Galicia recuperará taxas positivas de crecemento e reducirá a taxa de desemprego***
- ***O gasto destinado a sanidade, educación e servizos sociais subirá ata preto do 80%, case 10 puntos máis que en 2009, polo que son as contas máis sociais da historia***
- ***O orzamento para 2014 situarase en 8.391 millóns de euros, cunha capacidade de gasto semellante á deste exercicio***
- ***Froito da xestión prudente, responsable e solvente dos últimos anos, as contas aprobadas hoxe polo Consello da Xunta garanten de novo a redución progresiva do déficit e o control do endebedamento***
- ***En materia fiscal, Galicia aproba unha rebaixa do tramo máis baixo do IRPF, incentiva o sector das renovables, facilita o relevo xeracional e reforza o gasto social coa equiparación do imposto de hidrocarburos***
- ***Tamén levará a cabo un novo plan de loita contra a fraude fiscal para recadar 50 millóns de euros adicionais***
- ***Galicia compatibilizará o maior esforzo posible en investimentos con atender ás persoas máis necesitadas, reforzando as partidas en dependencia, na Rísiga, emerxencia social e en comedores escolares***
- ***O Goberno galego manterá o esforzo de financiamento da Administración local e das universidades, que terán 36,5 millóns máis que en 2009***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de Lei de Orzamentos da comunidade autónoma para o ano 2014, unhas contas que permitirán consolidar o cambio de tendencia económica e que serán as máis sociais da historia da Autonomía, xa que dedicarán case 8 de cada 10 euros a gasto social.

Por primeira vez dende que se iniciou a crise, Galicia recuperará taxas positivas de crecemento –un incremento do 0,8% do PIB autonómico, dúas décimas máis do previsto- e as compatibilizará cun descenso da taxa de desemprego, que se reducirá cinco décimas respecto ao estimado e baixará ata o 21,7%. Ademais, os Orzamentos para 2014 incluírán un incremento do Fondo de Crecemento, que medrará un 7% respecto ao presente exercicio.

Segundo detallou a conselleira de Facenda, Elena Muñoz Fonteriz, o Goberno galego seguirá apostando polo gasto social e pola atención aos colectivos máis desfavorecidos.

En 2014, case 8 de cada 10 euros irán destinados a sanidade, educación e servizos sociais, blindando un gasto social que se sitúa no 78% do total, case 10 puntos máis de peso en cinco anos.

No capítulo de gastos Galicia terá unha capacidade ao nivel dos anos 2005 e 2006, xa que o orzamento contará cun gasto non financeiro de 8.391 millóns de euros, similar ao teito de gasto de 8.456 millóns aprobado o pasado mes de agosto. A capacidade de gasto en 2014 será semellante á do presente exercicio e supón un lixeiro descenso de 89 millóns de euros respecto ao Orzamento de 2013.

Non obstante, Galicia crecerá en 2014 máis que o conxunto de España e seguirá tendo unha taxa de paro sensiblemente inferior. Ademais, a mellora do cadro macroeconómico irá acompañada do control do endebedamento –Galicia é a terceira comunidade que menos elevou a súa débeda dende que se iniciou a crise– e da redución do déficit, posto que estas contas permitirán cumprir o obxectivo do 1% do PIB fixado para 2014 e pactado no Consejo de Política Fiscal y Financiera.

Froito da xestión prudente, responsable e solvente iniciada na pasada lexislatura, Galicia presenta unhas cifras mellores que o seu entorno e en 2014 seguirá converxendo co resto de España, crecendo máis que a media e mantendo un diferencial positivo de paro de máis de catro puntos.

Ámbito fiscal

En materia fiscal o Goberno autonómico márcase para o vindeiro exercicio o triplo obxectivo de beneficiar aos que máis o necesitan, incentivar os sectores produtivos da economía galega e reforzar o gasto social na Comunidade.

Deste xeito, a Xunta aproba unha rebaixa do tramo máis baixo do IRPF que beneficiará a sete de cada dez contribuíntes, achegará máis progresividade e permitirá ter máis renda dispoñible aos que menos ingresos teñen. Con esta medida, Galicia converterase -xunto a Estremadura- na comunidade autónoma co tramo de IRPF máis baixo para as bases liquidables de ata 17.700 euros.

Ademais, o Goberno galego aumentará as deducións para favorecer a natalidade e a conciliación familiar e laboral. Tamén incentivará con deducións ao sector das enerxías renovables e facilitará o relevo xeracional nas empresas, elevando a un ano o período no que as persoas doadoras de empresas individuais, negocios profesionais ou participación de entidades deben deixar de exercer funcións de dirección, e a percepción de remuneracións polo exercicio das devanditas funcións.

Os orzamentos para 2014 inclúen igualmente un novo plan de loita contra a fraude fiscal, co que se prevén recadar 50 millóns de euros adicionais, e a equiparación á maioría de comunidades autónomas do imposto de Hidrocarburos, que se destinará exclusivamente a gasto sanitario. En todo caso, Galicia non penalizará ao sector do transporte, nin gravará os gasóleos especiais (pesqueiro e agrícola) nin o gasóleo de calefacción.

Máis gasto social

Pese a contar cunha capacidade de gasto ao nivel dos anos 2005 e 2006, Galicia reforzará o vindeiro ano as partidas de ámbito social e priorizará o gasto en sanidade, educación e servizos sociais, con especial atención ás persoas que máis o necesitan. Así, o gasto en dependencia superará os 278 millóns de euros –máis do dobre que en 2009-, mentres que tamén aumentan ás partidas para a Risga e os comedores escolares.

En canto ao investimento, a Xunta reforzará o Fondo de Crecemento dotándoo con 412 millóns de euros. Este instrumento contará cunha dotación un 7% superior á do presente exercicio e manterá o obxectivo de dinamizar e reactivar a economía.

Así, entre as súas liñas prioritarias estarán a dinamización económica, o crecemento e o emprego; a economía do coñecemento; a sostibilidade medioambiental e o equilibrio territorial; a cohesión social, o benestar e a calidade de vida; e unha administración máis austera, eficiente e próxima ao cidadán.

Concellos e universidades

O Executivo galego tamén manterá o esforzo de financiamento en áreas chave como os concellos. A administración local recibirá 113 millóns de euros a través do Fondo de Cooperación Local, o que supón manter a mesma contía que neste exercicio pese á menor dispoñibilidade de ingresos. De feito, os concellos acumulan un financiamento adicional de 84 millóns de euros dende 2010.

Respecto ás universidades, a Xunta realizará en 2014 un esforzo semellante ao presente ano e elevará a partida ata os 374,5 millóns de euros. As institucións universitarias seguen gañando peso no total de gasto da Administración galega e xa representan o 4,3% do orzamento, grazas a un esforzo sostido durante os últimos cinco orzamentos. En concreto, as tres universidades reciben 36,5 millóns de euros máis que en 2009.

A XUNTA APROBA O CAMBIO DE TITULARIDADE DE VARIOS TREITOS DAS ESTRADAS AC-862 (FERROL - LÍMITE PROVINCIA) E AC-110 (AS FELGOSAS – ESPIÑEIRO) A PROL DO CONCELLO DE MOECHE

- *A solicitude do cambio abrangue unha lonxitude total 1,6 quilómetros*
- *En cumprimento da Lei de estradas de Galicia, o Concello de Moeche deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía ao que se refire este decreto*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun total de nove treitos antigos das estradas AC-862 (Ferrol - límite provincia) e AC-110 (As Felgosas – Espiñeiro), a prol do Concello de Moeche.

Os treitos transferidos abranguen unha superficie total 1,6 quilómetros e sitúanse nos seguintes puntos quilométricos:

Estrada autonómica AC-862 (Ferrol-límite provincia):

1. PQ: 24 + 452 ao pq:24 + 633 marxe dereita.
2. PQ: 24 + 663 ao pq:24 + 740 marxe esquerda.

Estrada autonómica AC-110 (As Felgosas-Espiñaredo):

3. pq: 3 + 037 ao pq:3 + 460 marxe esquerda.
4. pq: 3 + 560 ao pq:3 + 710 marxe dereita.
5. pq: 3 + 795 ao pq:3 + 923 marxe dereita.
6. pq: 4 + 244 ao pq:4 + 523 marxe esquerda.
7. pq: 7 + 824 ao pq:8 + 037 marxe dereita.
8. pq: 8 + 050 ao pq:8 + 238 marxe esquerda.

O cambio de titularidade que foi solicitado polo Concello de Moeche á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas inclúe restos antigos das estradas mencionadas que quedaron fóra do itinerario principal como consecuencia das obras realizadas nelas.

O expediente tramitouse ao abeiro da vixente Lei de estradas, que establece que os cambios de titularidade se aprobarán por decreto da Xunta de Galicia, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas, e que as vías autonómicas ou provinciais ou os treitos determinados delas en que a circulación adquira características urbanas se entregarán aos concellos respectivos.

Polo tanto, en aplicación da Lei de estradas de Galicia, as entidades locais, no marco das súas competencias e de acordo cos correspondentes plans de estradas, aprobarán a relación de estradas da súa titularidade.

De acordo co exposto, o Concello de Moeche deberá incorporar ao seu Plan de estradas a vía a que se refire este decreto.

A entrega dos treitos formalizarase no prazo de dous meses tras a súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), e o Concello da Moeche converterase no responsable de todas as actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía, así como do exercicio das funcións de disciplina viaria e calquera outra.

CULTURA E EDUCACIÓN E O CONCELLO DE GONDOMAR COLABORARÁN PARA A MELLORA DAS INSTALACIÓNS DO AUDITORIO DA LOCALIDADE PONTEVEDRESA

- ***A Consellería achegará 170.000 euros ás obras de mellora, co fin de que este concello conte cun espazo onde ofrecer unha programación cultural de calidade***

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Gondomar colaborarán para executar a renovación das melloras do auditorio desta localidade pontevedresa, de tal forma que os seus cidadáns poidan conta cun espazo axeitado para desfrutar dunha completa oferta cultural de calidade. Para iso, o Consello da Xunta deu hoxe o visto e praxe á sinatura dun convenio entre ambas as entidades, polo que a Consellería achegará 170.000 euros para a realización destas obras.

Ao abeiro deste convenio realizaranse actuacións para reordenar o acceso ao conservatorio, acondicionar vestiario e camerinos, ampliar o escenario do auditorio e mellorar o seu vestíbulo e platea. Asemade, renovarase o acceso exterior do edificio, definindo unha zona para carga e descarga.

Trátase dunha nova aposta por achegar a cultura a toda a cidadanía galega, con especial atención ás zonas máis afastadas dos circuítos habituais das grandes cidades, a través da rehabilitación dun espazo necesario na localidade de Gondomar.

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR COLABORARÁ CON ACRUGA PARA CONSOLIDAR DEFINITIVAMENTE A RAZA RUBIA GALEGA

- ***A rubia galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo acervo xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zootécnicos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma***

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación Nacional de Criadores da Raza Rubia Galega para o desenvolvemento do programa de consolidación e diversificación da raza rubia galega, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader). O obxectivo do convenio é intensificar os traballos de selección dos reprodutores da raza rubia galega co fin de recuperar a súa variabilidade xenética e apuntalar os seus parámetros produtivos característicos.

Este convenio establece as condicións da colaboración entre ambas as entidades para a intensificación dos traballos de selección dos reprodutores, co fin de recuperar a variabilidade xenética e apuntalar os parámetros produtivos característicos da raza; así como a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega. A explotación sustentable dos recursos autóctonos é unha actividade económica de especial relevancia naquelas contornas en que a adaptación ao medio xeofísico resulta imprescindible para o mantemento da rendibilidade. A rubia galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo acervo xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zootécnicos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma, polo que resulta de suma importancia a súa consolidación.

A Xunta vén apoiando regularmente os programas de mellora gandeira, non só no caso do gando frisón de leite, senón tamén no caso das razas autóctonas. Este apoio á mellora da raza rubia galega vén sumarse ao apoio que se presta ao programa de mellora do gando frisón e aos correspondentes ás razas autóctonas en perigo de extinción.

Compromisos

A asociación Acruga é a entidade recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente para a xestión do libro xenealóxico da raza rubia galega e o desenvolvemento do seu programa de mellora. Entre os seus compromisos destaca a selección e avaliación das femias destinadas a participar no programa de consolidación; establecer acordos coas gandarías colaboradoras que decidan atender a selección de machos proposta; avaliar os machos nados dos cruzamentos dirixidos e seleccionar os mellores para o seu ingreso no centro de testaxe de sementais de Adai. Ademais de seleccionar as gandarías que acheguen xovencas receptoras de embrións e asegurar a dispoñibilidade dun equipo veterinario de transferencia embrionaria

responsable da obtención, xestión e implantación dos embrións do programa; entre outros.

Pola súa parte, a Consellería ten a obriga de garantir a idoneidade das explotacións participantes no programa, mediante a comprobación do seu status sanitario; achegar a información sanitaria adicional das reses que sexa necesaria para o desenvolvemento dos traballos, así como realizar os tests sanitarios xenéricos aos machos destinados á nave de testaxe de Adai. A promoción desta raza tamén é compromiso da Administración, realizando estudos estatísticos sobre o rendemento da raza en comparación coas razas alleas da mesma aptitude.

Contía e vixencia

A Consellería financiará parcialmente o custo do programa de consolidación con 385.000 euros, a razón de 55.000 no ano 2013 e 165.000 nos anos 2014 e 2015, respectivamente. Acruga financiará os restantes custos da actuación de consolidación. A vixencia deste convenio é de tres anos e rematará o 31 de decembro de 2015.

A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E DO MAR FOMENTA AS APTITUDES DEPORTIVAS, DE EXPOSICIÓN E LECER DO CABALO DE PURA RAZA GALEGA

- ***Ata o momento, os esforzos para a conservación destes animais por parte da Administración e das asociacións de criadores da raza estiveron centrados nunha orientación produtiva de carácter cárnico***

O Consello da Xunta autorizou na súa reunión de hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e a Asociación Pura Raza Cabalo Galego, para a posta en valor das aptitudes do cabalo de pura raza galega en actividades deportivas, de exposición e lecer, cofinanciado co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

O sector equino presenta unha escasa produtividade en Galicia, polo que é fundamental o seu desenvolvemento, non só mellorando as súas características produtivas para carne, senón buscando alternativas que permitan acadar outras orientacións alternativas e o mantemento do emprego no rural. O cabalo pura raza galega (PRG) é a única raza equina autóctona de Galicia que se atopa actualmente en perigo de extinción.

Ata o momento, os esforzos para a conservación destes animais por parte da Administración e das asociacións de criadores da raza estiveron centrados nunha orientación produtiva de carácter cárnico, debido a que a maior parte dos exemplares inscritos no Libro xenealóxico da raza pertencen a explotacións en réxime extensivo.

Sen deixar de lado esta orientación -e co obxecto de afianzar aínda máis a raza- é preciso repartir a atención a outras orientacións produtivas na cría e selección do cabalo PRG, para o seu emprego en actividades hípcas, entre outras.

Competencias

A Asociación Pura Raza Cabalo Galego é a única asociación en Galicia que conta coa infraestrutura, medios lóxísticos e de persoal necesarios e suficientes para realizar unha colaboración efectiva coa Administración para lograr o

desenvolvemento de aptitudes deportivas e de lecer nos cabalos de pura raza galega. Así, comprométese a elaborar e executar un programa de selección, preparación e adestramento de sementais de pura raza galega para o seu emprego en eventos de doma de alta escola e andadura galega e outras especialidades hípicas. Tamén a realizar un estudo sobre o emprego dos équidos da raza nos distintos eventos hípicos que se realizan en Galicia, así como participar anualmente en polo menos seis certames ecuestres de Galicia con exemplares da raza procedentes do programa de adestramento.

Pola súa parte, a Consellería ten a obriga de dirixir e coordinar tecnicamente as actividades que se van desenvolver, supervisando o programa de selección, preparación e adestramento de sementais de pura raza galega; así como participando na toma de decisións técnicas en materia de bioseguridade, benestar e alimentación animal.

Contía e vixencia

A Consellería financiará parcialmente o custo do programa de consolidación con 90.000 euros, a razón de 30.000 nos anos 2013, 2014 e 2015, respectivamente. A Asociación Pura Raza Cabalo Galego financiará o restante dos custos das actuacións. A vixencia deste convenio é de tres anos e rematará o 31 de decembro de 2015.

A XUNTA ELABORA UN ESTUDO SOBRE O TRÁFICO DE PERSOAS EN GALICIA CO FIN DE IMPULSAR ACCIÓNS ESPECÍFICAS PARA ATALLAR ESTA PRÁCTICA DELITUOSA

- *O documento establece dous perfís diferenciados de tráfico na nosa comunidade: un masculino obxecto de explotación laboral e outro feminino vítima de explotación sexual*
- *Galicia, xunto con Brasil e Portugal, participa como socia no proxecto europeo Itíneris: protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea*
- *O obxectivo xeral deste traballo é afondar nos dereitos dos migrantes, previr a migración irregular, mellorar as ferramentas das administracións para loitar contra o tráfico de seres humanos e fortalecer a cooperación nacional e internacional*
- *O Goberno galego é pioneiro na loita contra esta eiva, como se reflicte no protocolo asinado coa Fiscalía para afondar en medidas de prevención, investigación e tratamento ás mulleres vítima de explotación sexual*

A Vicepresidencia da Xunta deu conta ao Consello do estudo exploratorio sobre o tráfico de persoas elaborado pola Secretaría Xeral de Igualdade. O documento tenta aproximarse á situación existente na nosa Comunidade para coñecer as súas características e, deste xeito, poder deseñar actuacións axeitadas co fin de combater esta eiva.

Froito das investigacións e das entrevistas realizadas, en Galicia poden establecerse dous perfís diferenciados no ámbito do tráfico de persoas. Un para vítimas do tráfico laboral (varóns, maiormente procedentes de Marrocos e de Senegal) e outro para vítimas de tráfico sexual (neste caso mulleres, procedentes sobre todo de Brasil e de Senegal).

Outra das diferenzas é a forma de captación das vítimas segundo a súa finalidade. No caso de explotación sexual, o método de contacto adoita ser a través de amigos, coñecidos e mesmo familiares. Mentres, para a explotación laboral, recórrase a redes máis formalizadas (axencias ou intermediarios sen vinculación emocional coa vítima).

Dimensión real do problema

O estudo pon de manifesto, en primeiro lugar, as dificultades para detectar situacións de trata xa, que as potenciais vítimas soen ser persoas inmigrantes en situación irregular que normalmente non denuncian porque nin tan sequera teñen conciencia de que están sendo vítimas dun delito contra os dereitos humanos.

Polo tanto, a carencia de datos e de rexistros específicos imposibilita un coñecemento da dimensión real do fenómeno e, en consecuencia, da construción dun plan de acción acorde coas súas características. Con todo, o traballo realizado pretende mellorar as actuacións de todas as instancias implicadas na loita en contra do tráfico de seres humanos e contribuír a sumar esforzos para impulsar liñas de acción específicas.

O estudo presentado enmárcase dentro do proxecto europeo Itíneris: protección dos dereitos das persoas migrantes contra a explotación, de Brasil cara á Unión Europea, no que participan como socios os gobernos de Brasil, Portugal e de Galicia a través da Secretaría Xeral da Igualdade.

Este encargo faise co obxectivo xeral de afondar na protección dos dereitos das persoas migrantes (especialmente contra a explotación e tráfico de seres humanos), previr a migración irregular a través de campañas de información no país de orixe, mellorar a capacidade das administracións estatais para loitar contra esta eiva, e fortalecer a cooperación nacional e internacional.

Galicia participa no proxecto a través de varias perspectivas e unha delas é este estudo sobre o fenómeno do tráfico de mulleres nas nosas fronteiras, as razóns para a súa migración, os seus dereitos e a protección destes, e as necesidades das mulleres migrantes.

O compromiso do Goberno galego con esta problemática tamén se reflicte no VI Plan galego para a igualdade entre mulleres e homes: Estratexia 2013-2015, no cal se prevé unha atención integral e específica ás mulleres vítimas do tráfico de seres humanos, fundamentalmente con fins de explotación sexual. Ademais, Galicia foi pioneira na loita contra esta eiva mediante un convenio coa Fiscalía Superior de Galicia formalizado en 2010 co fin de investigar, previr e tratar as mulleres que se atopan nesa situación.

Conclusións

Malia os avances do novo marco normativo-legal en España para a persecución destes delitos e a especialización da Fiscalía de estranxeiría, o estudo evidencia eivas na colaboración entre os actores competentes (as forzas de seguridade e as ONG). Nel demándase unha maior implicación das ONG especializadas en tráfico de persoas, sobre todo unha actuación proactiva na identificación das vítimas.

Dado que o contexto máis habitual no tráfico de persoas é o transnacional, incídese na necesidade de desenvolver estratexias de cooperación internacional e traballar de xeito conxunto coas institucións dos países de orixe das vítimas e potenciais vítimas de tráfico.

O estudo reflicte, así mesmo, unha forte vinculación entre prácticas de corrupción e tráfico, polo que é imprescindible vixiar a súa incursión tanto na Administración pública como no sector privado.

O documento elaborado pola Secretaría Xeral da Igualdade contou coa colaboración das ONGs especializadas en trata de seres humanos, co persoal das Forzas e Corpos de Seguridade, da Fiscalía Superior de Galicia, da xudicatura, dos concellos e dos axentes sindicais, e mesmo coas testemuñas de 13 experiencias de persoas que padeceron unha situación de trata e explotación laboral/sexual.

Día Europeo contra o tráfico de persoas

Con motivo do Día Europeo contra o tráfico de Persoas, que se celebra hoxe, a Xunta de Galicia -a través da Secretaría Xeral da Igualdade- distribuirá un total de 3.000 carteis informativos por toda a Comunidade. Os folletos, que teñen como obxectivo alertar e concienciar destas prácticas delituosas tanto a cidadanía como as posibles vítimas, distribuiranse nos centros de información á muller (CIM), concellos, xulgados de Violencia de Xénero, ONG, casas de acollida e centros de saúde.

SANIDADE INVISTE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA A CAMPAÑA DE VACINACIÓN CONTRA A GRIPE E O PNEUMOCOCO, QUE COMEZARÁ O PRÓXIMO LUNS, 21 DE OUTUBRO

- ***Está dirixida ás persoas de 60 ou máis anos e a aquelas persoas que pertencen aos respectivos grupos de risco de cada unha das vacinas***
- ***A duración da campaña é ata o 20 de decembro***

A Consellería de Sanidade investiu 2.276.328 euros para a campaña de vacinación contra a gripe e o pneumococo, que este ano se desenvolverá entre os días 21 de outubro e 20 de decembro. Esta iniciativa ten por obxectivo a vacinación das persoas de 60 ou máis anos ás cales se lles ofertan gratuitamente as dúas vacinas: a gripe de xeito anual e a pneumocócica só unha vez a partir dos 65 anos.

As vacinas tamén se aconsellan para aquelas persoas menores de 60 anos que pertencen aos respectivos grupos de risco de cada unha das vacinas, que en xeral son determinadas enfermidades crónicas ou que provocan déficits do sistema inmunitario; e ademais, no caso da vacinación antigripal, para o persoal sanitario tanto de Atención Primaria como de Especializada.

Como principal obxectivo desta campaña está a diminución do número e da gravidade das complicacións derivadas de padecer a gripe e a morbilidade das enfermidades causadas polo pneumococo na poboación de Galicia.

A vacina da gripe ten un importante beneficio ao reducir a incidencia desta enfermidade, pero moi especialmente diminúe a frecuencia de complicacións secundarias e o risco de hospitalización e morte relacionados coa gripe nas persoas maiores, con ou sen condicións médicas de risco, e naquelas con outras patoloxías previas.